




Dia das Letras Galegas



MANUEL LEIRAS PULPEIRO 1854-1912

eolexio Valles Villamarín
17 de Maio 1983
Betanzos

Nito 70A

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Co gallo do DÍA DAS LETRAS GALEGAS, os rapaces e razaos do Colexio Público "Vales Villamarín", sacan á rúa esta revista feita enteiramente por eles, para xuntarse con tódolos nenos e nenas de Galicia nesta data tan importante.

Celebrase este día en lembranza daquel lonxano e vivo 17 de Maio de 1863 no que se publicou "CANTARES GALLEGOS" de Rosalía de Castro, e que se pode dicir que foi a primeira obra publicada en galego donde as "Cantigas".

Dende entón, a nosa lingua, vaise fortalecendo día a día e conquerindo unha implantación crecente como lingua escrita.

O pasaren cen anos da publicación do libro de Rosalía de Castro, e con motivo desta data, a Real Academia Galega implantou o 17 de Maio como Día das Letras Galegas, adicando cada ano este día a un personaxe da Cultura Galega.

Dende 1963 adícase o Día das Letras Galegas a: Rosalía de Castro (1963), Alfonso Rodríguez Castelao (1964), Eduardo Ponda (1965), Francisco Añón (1966), Curros Enríquez (1967), Flortino López Cuevillas (1968), Noriega Varela (1969), Marcial Valladares (1970), Gonzalo López Abente (1971), Lamas Carbajal (1972), Manuel Lago González (1973), Xoán Vicente Viqueira (1974), Xoán Manuel Pintor (1975), Ramón Cabanillas (1976), Antón Vilar Ponte (1977), López Ferreiro (1978), Risco (1979), Manuel Antonio (1980), Alfonso X (1981), Amado Carballo (1982) e Leiras Pulpeiro (1983).

UNHA NOITE COS EXTRATERRESTRES

Eran as doce da noite cando fun pra cama, tiña tanto sono que parecía que non dormira nunha semana. Dorminme. Viña unha nave do ceo, voaba moito, botaba moita lus e facia un bruxido tremendo. Aterrizaron, baixaban como catro homes, colleronme por un brazo e leváronme.

Era unha cousa moi rara, como un pratillo voante e neste viánse moitas naves, como cen. Pasamos un planeta moi grande, falaban un idioma que eu non entendía, parecía inglés, ou chino, pero tal ves indio; o que pasaba era que eu non entendía nada.

Enchufaron unha computadora que falaba o meu idioma e facíame preguntas e eu a mitade delas non as sabia contestar, decianme

- ¿Cómo te chamas?, eu non contestaba porque tiña moito medo. Por fin vin persoas coma min, algunhas persoas xa ian vellas pero eran moi cultas. Sabian de todo, pero ainda lles faltaba moito pra saberlo todo.

O que querian os extraterrestres era que lle resolveram os seus problemas, pero estaban trabucados porque eu non sabia nada. Por fin leváronme pra onde me colleran rin, rin, rin... . Ceibome da cama embaixo. Levántome e dime mina nai

- Vístete pra ir á escola-, e eu digolle mamá, soñei cos extraterrestres.

Xoan Carlos Castrillón Crespo
Xavier Boado Presas
Antón Alvarez Martínez

5º A.

C A R T A

Betanzos, 14 de Abril de 1983

Queridos señores Reagan e Andropov:


Escribímoslles pra comunicarlles que as armas son xogos de nenos tontos e que se disparan as armas nucleares vanse ver coa vaca da miña avoa.

De tódolos xeitos non disparen porque nós queremos vivir aquí e non en América. Teñan moito cuidado porque os espías cambean a dirección dos misiles e destruen ós seus pais.

Nosos peores saúdos de

Susana Zas Castro
Mari Presa Varela

4ºB.



OS CANEIROS

Vinde, vinde betanceiros
todos xuntos ós Caneiros.

O señor cura
dalle ó rabo,
pra que as mozas
bailen co cabo.

Os Caneiros son pequenos
no río do Mandeo.

As barquiñas van cheiñas
cos Caneiros fan as mesiñas.

Vide, vide betanceiros
todos xuntos ós Caneiros.

Tereixa Suárez Palmeiro
Ana Tacón Regueiro
5º F.



O PARRULO LARANXA

O parrulo laranxa
de color laranxa
comeu el soiño
un cento de laranzas.

O parrulo laranxa
como é moi tragón
un día e outro día
repite esta función.

O parrulo laranxa
laranxa lararxón
comeu laranzas verdes
e volveuse marrón.



LIBRO



aníacos Cortés N: 29 6^ºA, Joaquín Pérez NC-6^ºA, Alejandro Pérez N: 362
en Brigadier 1^º 16^ºA, Luisa Pascual 6^ºA - Cecilia Jiménez 6^ºA
y de Paula Cortés 6^ºA.

Alejandra Lainz 6A Aníbal Capoans 6A
Lourdes Sanchez 6A Alba López 6A

Pasatempos

P	O	H	N	I	B	R	O	S
R	S	G	A	I	C	Q	A	A
H	J	C	M	O	E	P	L	L
C	A	N	N	R	C	D	O	L
J	O	G	B	U	U	N	M	A
R	I	E	H	A	I	S	C	P
O	L	C	L	R	A	D	C	S
N	O	I	H	L	L	Z	B	R
P	T	G	A	T	O	O	R	P


Atopa sete nomes de animais

Xeroglífico

Nota 18 aca

FARANGULAS

O luns pra falar
o martes pra bailar
pero eu prefiro o domingo
pra ir ó bingo.



Falar e fumar
son dous oficios
pra practicar.

O home que sabe fumar
bota o fume despois de falar,
e falando e falando
o fume vaise escapando.



O can que sabe ladrar
bota o rapaz pra que non vaia roubar.

Se eu fuera gato
e ti sardiña
non che deixaría
ningunha espiña.



O dolor que sinte un burro
cando lle tiras do rabo
é igual ó que sinto eu
cando de ti me separo.

Estou aburrido e moi pensativo
xa estou cansado e sintome agotado.



A terra é moi grande
o río moi bonito
pero más grande é
o querer que un pode ter.



Votando e votando
a furna se vai ocupando
e escrutando escrutando
os votos vanse marchando.

Xesús Castro Forcas

6°F



MINAS E ACERTIÑOS

- 1.- ¿Que é unha cousa cousa que ten pernas de gato
ollos de gato, rabo de gato
orella de gato
e gato non é.?
- 2.- Se a tes búscala
se non a tes
nin a buscas nin a queres
¿Qué é?
- 3.- Cen e cen fillos unten
e todos con leite mantén.
¿Qué é?
- 4.- ¿Qué fan seis gatos nun tellado?
- 5.- Negro por fóra
e branco por dentro
e a coronilla no centro.
- 6.- Envólto sempre nun cobertor
faga frio faga calor.
- 7.- ¿A qué volta se deita o can?
- 8.- Estou pensando e pensando
e de tanto pensar ando tola
coa sogra da muller do meu irmán
qué parentesco me toca.
- 9.- ¿onde está o árbitro cando pita un penalti?
- 10.- Un neno nace na Coruña
e ós cinco anos vai pra
Catalunya ¿onde lle nacen os dentes?
- 11.- Un pato pasa un mes na Coruña
e outro en Andalucía
¿onde pon o ovo?.

RTICIPARON:

José Tomás Díaz Teijo, nº 2.

Seris António Fraga Sánchez, nº 22.


José António Hernández Crespo, nº 35.

GALEGO



COMO PODER ESTAR AQUÍ SE AINDA ESTOU FALMENDO CONTIGO?

MALA, VOUÑES FACER A PELOTA OS MESTRES.




ESTÁN NUNHA SALA DE ESPERA DO MÉDICO: ENTRA UN HOME E DI:
-¡QUÉN É O ÚLTIMO?
E TODOS LLE DIN Á VEZ:
- ¡VOSTEDE!



¡TOMA, PITÁGORAS!



TXA.
ESTOU FAR-TA DE QUE
ME UTILI-CEN TANTO!



SÍNTOO, PERO DEBÍASME FEÚCITAR POLA BOA PUNTERÍA QUE TIVEN.





E non esqueza
que os nace-sito
pra ma-ná
sen faltar



NENÓ DIANTE DA SITA CARA.

N°29 C B





LEIRAS PULPEIRO



Manuel Leiras Pulpeiro. Naceu en Mondoñedo o 25 de outubro do ano 1854, onde exerceu a medicíña dende 1878. Republicano federal, casou polo civil en 1888 con María Audia Villar; por este casamento e polas suas ideas republicano-federais tivo problemas no seu Mondoñedo carlista.

Home sinxelo, rexeitou o seu nomeamento como membro numerario da Real Academia Galega decindo: "non teño condicións necesarias"; institución á que donou anos despois importante material léxico e folclórico por el recolleito.

Foi en vida un poeta case inédito, só moi de cando en cando aparecían, en xornais e revistas, composicións feitas por el.

Un ano antes da sua morte publica "CANTARES GALLEGOS", breve volume que contén 244 cantigas de catro versos.

Dazaoito anos despois de morto, a sua poesía civil foi recolleita por Antón Vilar Ponte en "OBRAS COMPLETAS" de Leiras Pulpeiro.

Morre no ano 1912 en Mondoñedo e foi enterrado no cementerio civil convertíndose o seu enterro nunha grande manifestación de dor.

Poucos escritores como Leiras Pulpeiro souberon afondar tanto no coñecimento da fala cotidiana, non somente pola riqueza que podemos atopar na sua obra poética, senón pola cantidade de materiais léxicos por el arrecadados; o idioma de Leiras ten a sona de ser un dos máis puros que entre nós se teñan usado.

¡ Donde vai a miña nena,
donde vai o meu anxiño,
que non me ven dar a aperta;

Que non me ven dar a aperta,
pra que a colla no meu colo,
E lle dea o bico na testa;

E lle dea o bico na testa,
e más o par de azoutinas
nas cachiñas de manteiga!

Poema de Leiras Pulpeiro recollido de "Obras Completas".